



CEIP PLURILINGÜE DE VITE 15021883

Autorización para a comunicación de datos do alumnado a XOGADE polo centro

CEIPP VITE\_03X

D./Dona. \_\_\_\_\_ titular do DNI \_\_\_\_\_ na súa condición de pai nai ou titor/a<sup>1</sup> de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ anos de idade, con DNI \_\_\_\_\_ e alumno/a do **CEIP Plurilingüe de Vite** dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, manifesta ter sido informado de

- Que a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da súa Secretaría Xeral para o Deporte, e coa colaboración das agrupacións deportivas escolares, convoca o programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) no comezo de cada curso, dirixido a todos os escolares galegos.
- Que os obxectivos destes programa XOGADE son, entre outros, incrementar a participación en actividades físico-deportivas en horario non lectivo das poboacións escolares, con especial incidencia no colectivo de nenas; impulsar a función integradora e de cohesión social do deporte; permitir a aprendizaxe dos conceptos técnicos e tácticos, o desenvolvemento das diferentes calidades físicas, así como a transmisión de hábitos, actitudes e valores; introducir aos nenos/nenas en diferentes disciplinas deportivas mediante actividades lúdicas de carácter global e facilitar a comunicación e a convivencia dos nenos independentemente do nivel de práctica de cada un deles.
- Que o centro educativo **CEIP Plurilingüe de Vite** está interesado en participar nas seguintes actividades organizadas por XOGADE: **Actividade Deportiva Escolar**
- Que para a xestión do programa XOGADE será necesario que o centro educativo achegue á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes os seguintes datos persoais do alumnado participante nas referidas actividades deportivas: nome, apelidos, xénero, DNI (se o ten), data de nacemento e nivel educativo que serán utilizados aos efectos de xestionar a inscrición para adestramentos e probas e a mutualización no seguro de accidente deportivo.

En base ao anterior **AUTORIZA** a participación do neno/a na referida actividade organizada por XOGADE e a comunicación dos referidos datos persoais do neno/a, á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes de acordo cos termos e condicións indicados previamente.

#### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recollidos mediante o presente documento serán tratados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de xestionar as autorizacións para o tratamiento de datos persoais prestadas polas persoas interesadas ante o devandito responsable. A base lexitimadora para o tratamiento dos datos é o cumprimento dunha obrigación legal baseada no disposto no Regulamento xeral de protección de datos (RXPD). Non se prevén comunicacións de datos a terceiras persoas. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Tamén poderán retirar o consentimento outorgado para a comunicación dos datos á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes presentando a súa solicitude no propio centro docente. No caso de menores que teñan cumplidos 14 anos ou máis, poderán exercitar estes dereitos por si mesmos. A retirada do consentimento non afectará á licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Santiago de Compostela, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asdo.: Nai, pai, ou titor/a

Asdo.: O/A alumno/a  
(só no caso de que teña cumplidos catorce anos)

<sup>1</sup> O presente documento deberá ser asinado polo/a pai/nai ou titor/a e tamén polo alumno/a cando sexa maior de 14 anos. A autorización outorgada por un dos proxenitores entenderase prestada co consentimento expreso do outro, conforme aos usos sociais e as circunstancias nas que se recolle.